



Valentina Formoso Gosende, reelecta Coordinadora Xeral da CGENDL: “É tempo de resistir fronte aos que pretenden a eliminación da nosa lingua, incluso desde a propia administración”

A III Asemblea Xeral da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística celebrada hoxe, 5 de novembro, procedeu a reelixir a Valentina Formoso Gosende como Coordinadora Xeral para os vindeiros dous anos ao fronte dunha candidatura na que se renovaron o 40% dos seus membros.

No decurso desta asemblea a Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística realizou unha actualización dos seus textos estatutarios que lle permitan unha mellor concreción do seu labor do día a día nos centros de ensino.

Así mesmo, presentouse o plano de traballo para o vindeiro curso e os obxectivos para os dous seguintes, que terán como obxectivo principal contribuír a xerar un discurso normalizador plural e integrador que chegue a todos os sectores da sociedade galega.

En palabras de Valentina Formoso, “esta III Asemblea Xeral serviunos para consolidar a nosa organización, de dar un salto cara a proxectar o noso labor fóra dos límites dos centros do ensino neste momento de regresión do uso da lingua nos centros de ensino, regresión que mesmo se promove desde a propia administración”.